



**CONCELLO DE  
SANTIAGO**

## **RESUMO DA XUNTA DE GOBERNO DO 15 DE XUÑO DE 2018**

### **LICENZAS**

#### **FAVORABLES.-**

**LAP/368/2017.- COMERCIAL MARTÍNEZ SANCHEZ, S.L.-** Conceder licenza de obras para construción dunha nave para autoservizo de maioristas de alimentación e bebidas na rúa País Vasco, 17-19

**LIC/1835/2017.- SUSANA RODRÍGUEZ CARBALLO.-** Aceptar a cesión de viario formalizada en escritura pública e conceder licenza para a reconstrución e mantemento dunha vivenda unifamiliar sita en Santa Marta de Abaixo nº 10

**LAP/377/2017.- AVELINO RIOS CAROLLO.-** Conceder licenza de obras para construción dunha edificación para cafetería-restaurante e oficinas na rúa Rioxa, 4.

**LIC/816/2018.- MANUEL IGLESIAS REY.-** Conceder licenza para a legalización e terminación de dúas vivendas en edificio residencial sito na Avda. de Lugo nº 265-5ª

**LIC/186/2018.- ALFONSO LÓPEZ BAO.-** Conceder licenza para a instalación dunha piscina no lugar de Vixoi, 5.

#### **PARCELAMENTOS.-**

**LIC/240/2018.- ALICIA VÁZQUEZ REY.-** Denegar a licenza de parcelamento da parcela sita na rúa Canteira de Arriba nº 21.

**2.- Proposta do concelleiro delegado de Medio Ambiente e Convivencia relativa á solicitude de licenza de obras para construción dunha nave para autoservizo de maioristas de alimentación e bebidas na rúa País Vasco, 17-19. LAP/368/2017.** Apróbase a proposta.

**3.- Proposta do concelleiro delegado de Medio Ambiente e Convivencia relativa á aceptación da cesión de viario formalizada en escritura pública e conceder licenza para a reconstrución e mantemento dunha vivenda unifamiliar sita en Santa Marta de Abaixo nº 10. LIC/1835/2017.** Apróbase a proposta.

**4.- Proposta do concelleiro delegado de Medio Ambiente e Convivencia relativa á solicitude de licenza de obras para construción dunha edificación para cafetería-restaurante e oficinas na rúa Rioxa, 4. LAP/377/2017.** Apróbase a proposta.

**5.- Proposta do concelleiro delegado de Medio Ambiente e Convivencia relativa á solicitude de licenza para a legalización e terminación de dúas vivendas en edificio residencial sito na Avda. de Lugo nº 265-5ª. LIC/816/2018.** Apróbase a proposta.

**6.- Proposta do concelleiro delegado de Medio Ambiente e Convivencia relativa á solicitude de licenza para a instalación dunha piscina no lugar de Vixoi, 5.. LIC/186/2018.** Apróbase a proposta.

**7.- Proposta do concelleiro delegado de Medio Ambiente e Convivencia relativa á denegación da licenza de parcelamento da parcela sita na rúa Canteira de Arriba nº 21. LIC/240/2018.** Apróbase a proposta.

**8.- Proposta do concelleiro delegado de Medio Ambiente e Convivencia relativa á ampliación de horario de peche nunha hora solicitado pola Asociación de Hostelería**

**Compostela para determinadas datas.** Acórdase informar favorablemente da ampliación nunha hora do horario de peche do que dispoñen os establecementos de hostalería coincidindo coas seguintes datas de interese turístico e festivo e o incremento de visitantes:

\_Festividade do Apóstolo: as noites que van do 14 ao 31 de xullo de 2018

\_Festividade de San Roque: as noites que van do 10 ao 19 de agosto de 2018

**9.- Proposta da concelleira delegada de economía e facenda relativa a beneficios fiscais no imposto sobre o incremento de valor dos terreos de natureza urbana, no imposto sobre bens inmobles.** Apróbase a proposta

**76.- Proposta da concelleira delegada de Facenda relativa á prórroga do contrato de aluguer do local nº 6 da rúa Presidente Salvador Allende-6, destinado a oficinas municipais de Recadación.** Acórdase prorrogar o contrato de alugueiro polo prazo dun ano, a contar desde o 1 de xullo de 2018 ata o 30 de xuño de 2019. O arrendador e o Concello pactan non revisar o prezo mensual do alugueiro, que queda fixado en 946,24 euros.

**77.- Proposta da concelleira delegada de Economía e Facenda relativa á selección da operación "Centro de Excelencia Tecnolóxica de Emprego e Crecemento", a efectos da súa aprobación perante o Ministerio de Facenda e Función Pública.** Acórdase seleccionar a citada operación para a súa aprobación pola Autoridade de Xestión do Programa Operativo de Crecemento Sostible, no marco do Programa ReVive-Edusi Santiago.

**78.- Proposta da concelleira delegada de Mocidade, Deporte, Mercados e Benestar Animal relativa á renuncia da titularidade das casetas números NC225 e NC226 do mercado de abastos.** Apróbase a proposta.

**79.- Proposta da concelleira delegada de Mocidade, Deporte, Mercados e Benestar Animal relativa ao traspaso das casetas da Praza de Abastos números NC281 e NC282, da titularidade de dona MARÍA DEL CARMEN TUBIO TRIÑANES, a favor de "RÍA DE AROSA, S. COOP. GALEGA"-** Apróbase a proposta.

**80.- Proposta da concelleira delegada de Mocidade, Deporte, Mercados e Benestar Animal relativa ao traspaso das casetas da Praza de Abastos números CE003 e CE004, da titularidade de don JESÚS SÁNCHEZ RODRÍGUEZ, a favor de dona AMAIA ROLDÁN ABADÍA.** Apróbase a proposta.

**81.- Proposta da concelleira delegada de Políticas Sociais relativa á aceptación e denegación de solicitudes por causas imprevistas das incidencias das axudas de bolsas de comedor e actividades extraescolares, así como de resolución dunha reclamación presentada.** Apróbase a proposta.

**82.- Proposta da concelleira delegada de Políticas Sociais relativa á aprobación da convocatoria para a concesión de bolsas de comedor, adquisición de material escolar e realización de actividades extraescolares para o alumnado dos centros docentes públicos e concertados sostidos con fondos públicos de educación infantil (2º ciclo) e educación primaria obrigatoria do concello de Santiago para o curso 2018-2019.** Apróbase a proposta.

**83.- Proposta do concelleiro delegado de Educación relativa á aprobación da liquidación do programa municipal de conciliación "ESCOLAS DE VERÁN 2017", así como as devolucións aos beneficiarios correspondentes.** Apróbase a liquidación do programa municipal de conciliación "Escolas de Verán 2017" correspondentes aos meses de xuño, xullo e setembro, que ten un saldo positivo de 58.986,27 euros.

**84.- Proposta das concelleiras delegadas de Igualdade e de Acción Cultural relativa á aprobación do texto do acordo entre o concello de Santiago e a Asociación CLÁSICAS E MODERNAS ,que contén a carta temática de igualdade MH nas artes escénicas-folla de ruta. Temporadas de igualdade MH nas artes escénicas. 1º Ciclo 2016-2021. Temporada 1ª.** Apróbase a proposta.

**85.- Proposta da concelleira delegada de Igualdade relativa ao recoñecemento de obriga en concepto do II Premio de ensaio e creación audiovisuais XOHANA TORRES 2017.** Apróbase a proposta.

**86.- Proposta da concelleira delegada de Desenvolvemento Económico relativa á suscripción dun convenio de colaboración entre os concellos de Santiago e Ames para levar a cabo o proxecto de obradoiro de emprego dual "CREAS", a través da concorrència á convocatoria de subvención aberta pola Xunta de Galicia.** Acórdase a aprobación do convenio de colaboración entre os concellos de Santiago de Ames para a elaboración dunha proposta conxunta de Obradoiro de Emprego Dual, que se desenvolvería desde setembro de 2018 e maio de 2019, coa participación de 20 alumnos/as-traballadores/as. As especialidades formativas serían as de Repoboacións forestais e tratamentos selvícolas e Pavimentos e albanería de urbanización, e os servizos e obras a realizar na etapa de formación serían a urbanización e mellora medioambiental no Polígono do Tambre, o acondicionamento da Finca "Pedra Castro" e a apertura e mantemento de vías forestais.

**87.- Proposta da concelleira delegada de Desenvolvemento Económico relativa á suscripción dun convenio de colaboración entre os concellos de Santiago e Teo para levar a cabo o proxecto de obradoiro de emprego dirixido a persoas mozas "HABILITS", a través da concorrència á convocatoria de subvención aberta pola Xunta de Galicia.** Acórdase a aprobación do convenio de colaboración entre os concellos de Santiago e Teo para levar a cabo o obradoiro de emprego, que se desenvolvería desde setembro de 2018 a febreiro de 2019, coa participación de 15 alumnos/as-traballadores-as. As especialidades formativas a impartir serían Desenvolvemento de aplicacións con tecnoloxías web e Operacións auxiliares de revestimentos continuos en construción. Os servizos e obras a realizar durante a etapa de formación serían a creación do Servizo multimedia de información municipal e participación veciñal, e a rehabilitación para centro BTT da Escola Unitaria de Amio.

**88.- Proposta do concelleiro delegado de Medio Rural, Mantemento e Obras para o Equilibrio Territorial relativa á aprobación do proxecto de remate da rehabilitación da Ponte Vella da Rocha.** Apróbese o proxecto técnico de remate da rehabilitación da Ponte Vella da Rocha, cun orzamento máximo de licitación de 135.815 euros, IVE incluído, e un prazo de execución de 3 meses.

## **URXENCIAS**

**1.-Proposta do concelleiro delegado de Educación e Cidadanía relativa á elección das persoas membro do xurado do XI Premio Internacional Compostela para Álbums Ilustrados.** Apróbese a proposta.

**2.-Proposta da concelleira delegada de Economía e Facenda relativa ao inicio dos trámites para a recepción das obras de mellora da seguridade viaria na Cañoteira.** Apróbese a proposta

**3.-Proposta da concelleira delegada de Economía, Facenda e Administración relativa á modificación do artigo 3.2 do vixente acordo regulador das condicións de traballo do persoal ao servizo do Concello, relativo á xornada de verán.** Acórdase a modificación do artigo, que establecía que o horario ordinario do persoal ao servizo do Concello reducirase unha hora á saída entre o 20 de xuño e o 10 de setembro, de maneira que esa redución será de aplicación desde o 15 de xuño ao 15 de setembro.

**4.-Proposta do concelleiro delegado de Educación e Cidadanía relativa á liberación do crédito retido para o proceso de contratación do servizo de dirección pedagóxica, docencia e organización dos diferentes programas educativos e actividades da Escola Municipal de Música de Santiago.** Apróbese a proposta.